1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014489	A Xunqueira	Pontevedra	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM02	Instalación e amoblamento	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0783	Empresa e iniciativa emprendedora	2019/2020	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA FERNÁNDEZ LÓPEZ,MARÍA ISABEL LORENZO FUENTES (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA ISABEL LORENZO FUENTES

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite acadar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

h) Montar soportes e armaduras de madeira, interpretando a documentación técnica e realizando operacións de fixación e regulación, para instalar estruturas.

i) Identificar materiais, produtos e accesorios, e describir as condicións para o seu almacenamento, comprobando as dimensións e as especificacións técnicas, para a súa selección e o seu abastecemento.

j) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipamentos, e xustificar a súa importancia, para asegurar a súa funcionalidade.

k) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da comunicación e da información, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diferentes situacións profesionais e laborais.

l) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.

ñ) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, e relacionalos coas súas causas, para fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos en un mesmo, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

o) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.

p) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.

q) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

r) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

E as competencias:

h) Instalar estruturas de madeira e fixar os seus elementos de acordo coa documentación técnica.

i) Seleccionar e xuntar materiais, accesorios e produtos de entrada e saída no almacén, de acordo coas especificacións establecidas.

j) Realizar o mantemento de primeiro nivel de máquinas e equipamentos de montaxe e instalación, de acordo coa ficha de mantemento.

k) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos cos recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e coas tecnoloxías da comunicación e da información.

l) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no ámbito do traballo.

ñ) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.

o) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

p) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

q) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	Identificamos a innovación e o desenvolvemento económico. Analízase a cultura emprendedora, así como as características clave dos emprendedores e a súa actividade neste sector, valorando o traballo por conta propia, tendo en conta o risco asociado á iniciativa empresarial e desenvolvendo ideas de negocio, como punto de partida para o deseño dun proxecto empresarial.	7	20
2	O entorno da empresa e o mercado.	Comprende a análise do ámbito xenérico e específico dunha empresa, a súa interrelación con ela e a súa influencia na localización e posta en marcha dun negocio. Identifícanse os requisitos para o exercicio da actividade empresarial e aspectos relacionados coa responsabilidade social, cultura empresarial e imaxe corporativa. Iniciamos o deseño estratéxico da empresa: actividades e procesos a desenvolver, organización dos recursos e estratexia de mercado.	19	30
3	Creación e posta en marcha dunha empresa.	Comprende a análise das decisións iniciais que deberán tomar como empresarios e a súa inclusión no plan de empresa: forma xurídica da empresa, responsabilidade asociada a esta e fiscalidade, os trámites de constitución e posta en marcha, as vías de asesoramento, así como as axudas e subvencións para a creación dunha empresa.	9	20
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	Análise de investimentos e fontes de financiamento, nocións básicas de contabilidade e análise da información contable, elaboración dun plan financeiro, análise das obrigas fiscais dunha peme do sector e xestión administrativa dunha empresa.	18	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da carpintaría e o moble, e a súa instalación.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da instalación de carpintaría e moble, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalación e amoblamento (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
Cltura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da carpintaría e o moble, e a súa instalación.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da instalación de carpintaría e moble.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O entorno da empresa e o mercado.	19

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa instalación e o amoblamento, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de instalación e amoblamento, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de instalación e amoblamento, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalación e amoblamento: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. Localización da empresa. A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial. Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa. Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha dunha empresa.	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da carpintaría e o moble, e a súa instalación.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de instalación e amoblamento tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresariado. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de instalación e amoblamento. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa instalación e amoblamento, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de instalación e amoblamento, e describíronse os circuítos que recorre esa documentación na empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da carpintaría e o moble, e a súa instalación.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de instalación e amoblamento: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES.

Serán os así indicados en cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.
Para aprobar o alumnado ten que obter unha calificación igual ou superior a 5.
O 20% da nota dependerá do traballo de clase.
O 50% procederá da media ponderada dos exames escritos que se realizarán.
O 30% será a realización do plan de empresa.

Para a avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:
-Coñecementos teórico prácticos.
-Traballos e exercicios realizados.
-Participación e relación no entorno de traballo.
-Mantemento e cumprimento das normas de orde e seguridade e hixiene.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

É obrigatorio ter superadas, cunha nota de mínima de 5, todas as avaliacións do módulo de EIE para ser declarado aprobado. Tamén será necesario que o alumno/a entregue antes da proba final, as actividades/traballos (Proxecto Empresarial) relacionadas coa avaliación. No caso contrario deberá responder nun exame de recuperación a preguntas relativas a esa parte da materia que non superou e/ou presentar o citado Proxecto co contido mínimo establecido.
Realizarase unha proba de recuperación final no mes de xuño que combinará parte teórica e práctica. A nota mínima para ser declarado aprobado no módulo é de cinco (5). O alumnado terá dereito a esta proba final de recuperación no caso de ter algunha avaliación suspensa ao longo do curso ou ben de ter pendente todo o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10% de faltas de asistencia sen xustificar, que no módulo de EIE, equivale a 6 horas.
O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O alumno/a será orientado previamente sobre a forma de realizar dita proba que consistirá nunha proba obxetiva teórico-práctica achega dos criterios de avaliación do módulo considerados mínimos exixibles para a adquisición da avaliación positiva. A cualificación será numérica entre 1 e 10 puntos, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

O instrumento que se empregará para avaliar a estes alumnos é a proba denominada Proba Final Extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita onde se incluirán diversas preguntas tipo test da materia, xunto con preguntas cortas teóricas e supostos prácticos a resolver. Será necesario alcanzar 5 puntos sobre 10 para superar o módulo.

Os criterios de avaliación neste caso son:
-Os considerados mínimos exixibles para a adquisición da avaliación positiva.
-Interese amosado ao longo do curso cara a o módulo e o grupo, así coma a preocupación solicitando atención en horas de titoría ou por medio do correo electrónico.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A normativa vixente establece a obriga de realizar un seguimento mensual da programación, tanto nas reunións do Equipo Docente, como nas reunións do Departamento de FOL.
Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:
- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para o desenvolvemento da programación teranse en conta as conclusións obtidas da avaliación inicial e partiremos dos coñecementos previos do alumnado.
Para proceder a avaliación da práctica docente recabarase información das reunións realizadas polo equipo docente, nas que se mostran os indicadores anteriormente citados, e dos cuestionarios periódicos realizados ao alumnado co fin de averiguar o grao de conformidade co módulo de EIE, onde se lles solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, as técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos marcados nas distintas unidades didácticas. Observarase ademáis se existe absentismo nas clases, o aprendido polo alumnado ao finalizar o módulo e os resultados académicos obtidos.
Unha vez visto isto, realizaranse propostas de mellora que poidan ser interesantes cara o vindeiro curso, e que serán recollidas na memoria final do departamento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades do curso académico procederase á avaliación inicial do alumnado, por parte do Departamento de Información e Orientación Profesional (avaliación psicopedagóxica) e tamén polo profesorado do grupo, e que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Esta información poderá proceder, entre outros:
a. Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
b. Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
c. Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
d. Dos informes ou ditames sobre o alumado discapacitado ou con necesidades específicas de apoio educativo que poida haber no grupo.
e. Da experiencia profesional previa.
f. Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
g. Da observación do alumnado e das actividades realizadas nas primeiras semanas do curso de cara a establecer o nivel de coñecementos previos sobre os contidos do módulo.

O profesor/a encargado da titoría proporcionará a todo o equipo docente dun curso e ciclo a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e circunstancias específicas académicas ou persoais, con incidencia educativa,de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver cos aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, e medidas de reforzo educativo.

Ademais, en relación ao módulo de EIE, realizarase unha avaliación inicial de coñecementos previos que establecerá o punto de partida para o desenvolvemento do módulo e determinará os diferentes graos de coñecemento existente no grupo. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Esta programación didáctica está aberta aos diferentes tipos de modificacións que poidan xurdir en función das necesidades que se puidesen presentar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter aberto e flexible do currículo ten por obxecto atender á diversidade do alumnado, posibilitando niveles de adaptación curricular ás condicións específicas de cada alumno.Atender á diversidade consiste en tratar de forma diferente ás diversas necesidades e características do alumnado, para garantir que cada alumno/a acade as capacidades previstas no maior grado posible.

Podemos distinguir entre diversidade de ritmos de aprendizaxe, baseada na existencia de diferentes intereses, motivacións, capacidades entre o alumando, e diversidade baseada na existencia de alumnos con necesidades de apoio educativo, tendo en conta tamén a posibilidade de ter alumnos sobredotados intelectualmente.

Na realización da diagnose inicial e na elaboración da información deberían participar:

- O Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP.
- A familia do alumno.
- Organismos especiais (ex. ONCE).
- O resto do equipo educativo.
- O gabinete psicopedagóxico da Delegación Provincial de Educación.

Vista a información obtida, cada departamento didáctico deberá adecuar a súa programación ás necesidades do alumnado. En base a isto, tamén se farán as seguintes actuacións:

1. Antes de elaborar a programación, falarase co Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP e cos titores dos grupos que, trala avaliación incicial, sinalen a existencia de alumnado con necesidades educativas específicas. Asemade, elaborarase unha sesión de avaliación inicial para establecer as características do alumnado. Derivado disto, podería darse o caso de ter que realizar algunha flexibilización modular.

2. Implantación de medidas como as seguintes:

-Unha avaliación inicial de coñecementos previos sobre o módulo, que se realizará na primeira semana do curso, a través da cal percibiremos o nivel de coñecemento, de expresión,... dos nosos alumnos.

-Estableceranse secuencias de contidos que garantan de xeito progresivo aprendizaxes básicos para todos os alumnos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

-Deseñaranse actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.

-Diálogo profesor-alumno continuo a fin de posiblilitar a súa adaptación a determinadas actividades e á dinámica xeral do curso.

-Actividades de reforzo para aqueles que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo, reforzando así os seus coñecementos e axudando a superar as súas dificultades.

-Actividades de recuperación para aqueles alumnos/as que non acaden os mínimos previstos. Do mesmo xeito, actividades de ampliación

e/ou investigación para quenes presenten maior capacidade de aprendizaxe.

-Utilización de recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet,...) para facilitar a comprensión de contidos por parte do alumnado.

-Consideraranse diferentes tempos para a realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

-Fomentarase o traballo en equipo e a axuda entre compañeiros. Na formación de grupos procurarase que estes sexan heteroxéneos, que tódolos membros do mesmo participen nas decisións e tarefas con igualdade e respeto, e procurarase a rotación ao longo do curso para favorecer o grao de integración.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O decreto que configura o Regulamento Orgánico dos CIFP, establece que na programación didáctica dos Departamentos, incorporaranse os temas transversais do currículo nos obxectivos e contidos de cada materia ou módulo profesional. Por iso, as capacidades terminais concretas son:

- Interesarse por comprender realidades ambientais do sector, analizando como inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do contorno.
- Distinguir elementos discriminatorios no sector, mostrando unha actitude crítica perante os mesmos e apreciando a diferenza como riqueza colectiva.
- Coa consecución destas capacidades terminais do módulo de EIE, alcánzase o obxectivo xeral.

Os principais temas de transversalidade son:

a) Educación medio ambiental e para a saúde: promoverase no alumnado unha actitude crítica e de respeto cara o medio ambiente. Falaremos da actitude de determinadas empresas e gobernos que non teñen en conta o dano ao medio ambiente que causa a súa actividade.

b) Educación para a igualdade e non discriminación: consideraranse os alumnos e alumnas para evitar discriminacións entre eles, intentando eliminar os roles asignados tradicionalmente a un ou a outro sexo. Potenciarase a aceptación de todas as persoas e fomentarase a importancia da non discriminación laboral por razón de sexo ou raza. Partimos de dous dereitos fundamentais e básicos, como son o do dereito á integridade física e mental e o dereito ao traballo. Serán continuas as referencias á igualdade de dereitos entre mulleres e homes e incidirase na nulidade das decisións empresariais que incorran nalgún tipo de discriminación ou desigualdade.

c) Educación moral e cívica: fomentarase o respeto polas opinións dos demais e a adopción dunha actitude aberta e crítica. O traballo en equipo permite traballar aspectos de importancia como a honestidade, o compromiso, a confianza,... Trataremos de visualizar a importancia dos valores éticos no seo empresarial, sexa nas relacións entre compañeiros de traballo, coma con superiores xerárquicos, clientes, provedores,...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non están previstas nesta data actividades para o presente curso.

10.Outros apartados

10.1) Presentación da programación ao alumnado.

Na primeira semana de clase, coincidindo coa sesión de presentación do módulo, a profesora explicará a finalidade do mesmo, os contidos a traballar distribuidos en unidades didácticas e os os criterios de cualificación segundo o epígrafe 5 do presente documento. Resolveranse as

posibles dúbidas por parte do alumnado en canto ao desenvolvemento do módulo e informaráselle de que na aula virtual do centro teñen á súa disposición un resumo da programación dentro do curso creado pola profesora.